

OS MENOS E NEAS
DE EDUCACION INFANTIL
CONVIDANUS A

SPRA



FESIA



MONSTRUOSA



do 15 ao 30 de novembro





spray
festa
monstruosa


ESTA FOI A PROPOSTA COA QUE ACORDAMOS CELEBRAR O HALLOWEEN/SAMAÍN NESTE ESTE CURSO.

OS PIARES SOBRE OS CALES BASEAMOS ESTA INTERVENCIÓN BASEADA NA OBRA DE **OLGA DE DIOS FORON**:

I. Spray. FOI A FERRAMENTA ARTÍSTICA E DE EXPRESIÓN QUE EMPREGAMOS -exploración e experimentación das súas posibilidades plásticas-.

II. OS MONSTROS, SEMPRE PRESENTES NO IMAXINARIO INFANTIL, sería A FIGURA NA QUE VOLCARIAMOS AS NOSAS IDEAS/EMOCIÓN/EXPERIENCIAS/VALORES VINCULADOS A ESTA CELEBRACIÓN.

III. CONCEPTO DO ERRO COMO OPORTUNIDADE, COMO MOTOR PRINCIPAL DE CAMBIO, DE CRECEMENTO, DE MELLORA.



fases



✓ I: Achegamento



Para a nosa primeira toma de contacto, proxectamos na PDI varias imaxes de Olga de Dios a partir das cales entaboamos un diálogo posterior.

Quen é? /Qué leva posto? / Por qué estará manchado?

Qué fará?

Qué hay detrás dela? / Qué cores emprega?

Qué formas están presentes?

Qué emocións sentides?

Con qué estará pintado o lenzo?



Unha vez lle puxemos cara á artista, presentéilles o libro de “**Spray Cocktail Party**” e comezamos a facer un análise exhaustivo da imaxe: trazos, liñas, cores, formas, expresións, detalles...



“Profe, estos monstruos solo tienen ojos y boca. Olga no quiere que sepamos si son chicos o chicas”.

Algo empezaba a funcionar...

✓ II: Experimentación: probas e bosquexos

Levamos a cabo varias sesións de exploración libre de xeito que así se fosen familiarizando cos sprays e descubriran a súas posibilidades: achegando a boquilla ao papel, alonxándoa, con movementos rápidos, con movementos lentos... e despois con ferramentas varias: esponxas, tapóns, cepillos...





Deixamos actuar a nosa creatividade creando personaxes a partir de liñas e manchas, nos inspiramos en modelos de Olga, exploramos recursos e pouco a pouco e perfilamos como sería o seu monstro, que cores tería, que expresión, dimensións, formas...



✓ III: obradoiros artísticos

Era o momento de empregar todo o aprendido e crear os nosos monstros.

Todos os sprays son de base auga, seguros para ser manexados polos menos e nenas.





✓ IV: Documentación

Nesta fase abordamos todo o traballo de cartelería que acompañaría a exposición.


Para elaborar o cartaz có que anunciamos a expo foi preciso emprender todo un proceso de achegamento e investigación ao redor desta tipoloxía textual.



Analizamos carteis reais e categorizamos a información




Elaboramos bocetos



Finalmente, con toda a info que fomos recopilando, e en base as súas aportacións, fomos creando o cartaz.





Invitacións para as familias...

Tamén lle puxemos nome aos nosos monstros e fixemos chamadas telefónicas á Casa da Cultura para coñecer os detalles sobre as datas e prazos da exposición.



V: Espazo e montaxe

Xa só faltábanos organizar e distribuír todo o que durante tanto tempo estiveramos preparando con tanta ilusión e mimo na Casa da Cultura do Concello de Valdoviño.



Fixemos varias visitas xa que precisabamos observar, explorar e vivenciar o espazo para seguir tomando

decisións: - En que lugar situariamos as obras?

- Como as distribuimos no espazo?

- Por aulas ou mesturadas?...



Mentres elaborabamos todo isto, no colexio xurdiu unha iniciativa solidaria para recadar fondos para a illa da Palma.



A erupción do volcán e a necesidade de axuda nos causou un gran impacto polo que acordamos que nós tamén aportaríamos o noso gran de area.

Acordamos que cada aula faría un lenzo grupal e faríamos un **Sorteo Solidario** o derradeiro día.

Os beneficios irían destinados íntegros aos habitantes da Palma afectados polo volcán Cumbre Vieja.

Nós xa tiñamos afondado nel...



Analizamos as súas partes




Analizamos as novas dos xornais e fixemos experimentos relacionados cos volcáns



Representamos no cabalete na aula de arte

E puxémosnos mans á obra...



Bocetamos ideas que poñemos en común para chegar a acordos grupais / representamos plásticamente / preparamos as papeletas do sorteo apoiándonos no panel do 100.

VI: Exposición



Nós fomos os primeiros en poder ver a exposición completa pero faltaba o momento máis importante...



A VISITA COAS FAMILIAS



Nunha exposición interactiva, onde todos e todas foron convidados a deixar a súa pegada e a experimentar coa súa creatividade

Felices e fachendosos ensinamos a pais, nais, avós, avoas...FAMILIA, e a toda a veciñanza os nosos traballos.



E ao apagar as luces...SORPRESA!! Coas lanternas de luz negra as cores dos monstros cobraron vida!



O sorteo foi un éxito, recadamos cartos para a A Palma e os gañadores e gañadoras puideron levar o seu premio a casa.

